

## SOLEMNIDADE DE SANTA MARÍA NAI DE DEUS

### **PRIMEIRA LECTURA**    Num 6, 22-27

Invocarán o meu nome a prol dos fillos de Israel e Eu bendicireinos

#### LECTURA DO LIBRO DOS NÚMEROS

Naquel día, o Señor faloulle a Moisés: - Dilles a Aharón e a seus fillos: Desta maneira habedes de bendicir os fillos de Israel: "Que o Señor te bendiga e te garde; que faga brillar o seu rostro sobre ti e che conceda a súa graza; que o Señor volva os seus ollos cara a ti e che dea a súa paz". Invocarán así o meu nome en favor dos fillos de Israel e eu bendicireinos.

### **SALMO RESPONSORIAL**    Sal 66, 2-3. 5. 6 e 8

R/. (2a): **Deus teña piedade de nós e nos bendiga.**

Deus teña piedade de nós e nos bendiga,  
faga brillar o seu rostro sobre nós.  
Que se coñeza na terra o teu camiño,  
en todas as nacións a túa salvación.

Alégrense e canten as nacións,  
porque xulgas os pobos rectamente  
e na terra gobernas as nacións.

Lónte os pobos, oh Deus,  
lónte todos os pobos.  
Que nos bendiga Deus e que o teman  
os confíns todos do mundo.

**SEGUNDA LECTURA** Gal 4, 4-7

Deus mandounos o seu Fillo, nacido de muller

**LECTURA DA CARTA DO APÓSTOLO SAN PAULO AOS GÁLATAS**

Irmáns: Así que chegou a plenitude dos tempos, Deus mandounos o seu Fillo, nacido de muller e suxeito á Lei, para rescatar os que estabamos baixo a Lei de xeito que puidésemos recibir a adopción de fillos.

A proba de que sodes fillos del é que Deus mandou aos vosos corazóns o Espírito do seu Fillo que exclama Abbá! (que quere dicir meu Pai! ). Polo tanto, ti xa non es escravo, senón fillo. E, por seres fillo, tamén, grazas a Deus, es herdeiro.

**ALELUIA** Heb 1, 1-2

Se non se canta, pódese omitir

Aleluia, aleluia.

En moitas ocasións, e de moitos xeitos, veulles falando Deus ós nosos devanceiros por medio dos profetas; ultimamente falounos por medio do Fillo. Aleluia.

**EVANXEO** Lc 2, 16-21

Encontraron a María e a Xosé e o neno. E despois de oito días puxéronlle de nome Xesús.

**LECTURA DO SANTO EVANXEO SEGUNDO LUCAS**

Naquel tempo, os pastores foron correndo, e atoparon a María e mais a Xosé, e o neno deitado na manxadoira. Ao que o viron, contaron todo o que lles dixeran do meniño aquel.

E cantos o oíron, quedaron pasmados do que os pastores lles dixeran. María, que trataba de comprender, conservaba todas estas cousas no seu corazón. E os pastores volveron, glorificando e loando a Deus por canto oíran e viran, todo como lles fora anunciado.

Ós oito días tocaba circuncidar o neno e puxéronlle de nome Xesús, tal como o chamara o anxo antes da súa concepción.